

Protocolo para solicitar cambios nas probas.

Atención: As probas escritas de B2, C1 e C2 non admiten cambios de ningún tipo. No caso de inglés tampouco as probas escritas de A2 e B1.


Para o resto das probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria só se aceptarán as solicitudes de cambio de data e/ou hora presentadas a través do formulario en liña dispoñible en CentrosNet e sempre que estean debidamente xustificadas.

A solicitude de cambio deberá facerse cunha antelación de 15 días á data da proba fixada no calendario da convocatoria ordinaria publicada na web o 26 de abril de 2024.


Para a **convocatoria extraordinaria o prazo de solicitude será de 48h dende a publicación das notas da convocatoria ordinaria en CentrosNet.**

Siga os seguintes pasos para cubrir o formulario de solicitude en liña:

1. Acceda a CentrosNet. Prema en “**Común**” e escolla a opción “**Formularios**”



2. Na pantalla de formularios verá os formularios activos “**Solicitud de cambio probas finais xuño**”.





Protocola para solicitar cambios nas probas.

3. Prema no formulario. Lea con atención todas as indicacións e encha o formulario. Non esqueza responder a todas as preguntas e prema en “**Enviar**”.

Solicitud cambio probas finais xuño 2024

Encha o seguinte formulario para facer a súa petición de cambio de horario ou data nas probas orais ou escritas de promoción ou certificación de xuño 2024. Lembre que as probas escritas dos niveis de B2, C1 e C2 non admiten solicitudes de cambio. Olo! Só se tramitan as solicitudes que teñan unha xustificación documentada.

Indique o idioma da proba
La contestación a esta pregunta es obligatoria

Alemán
 Francés
 Galego
 Inglés
 Italiano
 Portugués

Enviar Cancelar

4. Como sei se a miña solicitude foi aceptada?
No prazo de 72h dende o envío da súa solicitude poderá comprobar, accedendo de novo ao formulario en CentrosNet, se a súa solicitude foi “**Atendido**”: **Si, é dicir, Aceptada**; ou “**Atendido**”: **Non, é dicir, Rexeitada**. Teña en conta que antes deste prazo a súa petición aparecerá por defecto como “Atendido: NON” no seu espazo de CentrosNet. Agarde sempre ás 48h de prazo antes de comprobar o estado da súa solicitude.
5. Se transcurridas as 72h a súa solicitude aparece como “Atendido”: Non, é dicir, rexeitada, isto débese a dúas posibles causas:
 - A súa solicitude non está debidamente xustificada e motivada para o cambio e non é posible tramitala.
 - A súa proposta de data e/ou hora para o cambio non é viable e recibirá unha mensaxe a través de CentrosNet ou unha chamada telefónica con outra proposta de data e/ou hora para o cambio da proba dende a xefatura de estudos, que se entenderá como aceptada.
6. **IMPORTANTE**: Lembre que na data e/ou hora da realización da proba definitiva deberá entregar a xustificación documental pola que solicitou o cambio, senón non poderá facer a proba e/ou non será avaliada.